



Bolboretas do mundo no Museo de Historia Natural da USC

O Museo de Historia Natural da USC súmase á celebración do **Día Internacional dos Museos 2022**, o próximo 18 de maio, cunha xornada de portas abertas, en horario de 10 a 14 e 16:30 a 20 horas, e diversas actividades divulgativas, que inclúen a inauguración, na sala da biodiversidade, da exposición permanente **“Bolboretas do mundo”**. A mostra inclúe máis de 250 bolboretas, de todos os continentes, entre as que figuran algunhas das especies máis coloridas e fermosas ou de maior interese faunístico. Ademais de gozar da beleza destes populares insectos, o público tamén poderá descubrir interesantes aspectos da súa bioloxía (ciclo biolóxico, mimetismo, camuflaxe, toxicidade, dimorfismo sexual...) e coñecer o seu gran valor ecolóxico e a importancia da súa conservación. Un dos módulos desta exposición está dedicado exclusivamente á fauna galega e ibérica e nel poden recoñecerse as bolboretas máis comúns dos nosos bosques, campos e xardíns. Ademais, temos preparado un novo punto de fotografía nesta nova área, que pensamos encantará aos visitantes do MHN, especialmente aos máis cativos. Esta exposición representa a primeira fase dun proxecto máis amplo **“Bolboretas e Escaravellos: un mundo de formas e cores”**, que resultou recentemente beneficiario dunha axuda da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Xunta de Galicia) e que irase completando durante o presente ano.

Outro dos atractivos do noso museo nesta data é a renovación da exposición temporal **“Recuncho de curiosidades”**, que nesta ocasión quere dar a coñecer unha serie de animais que, de forma inxustificada, teñen moi mala sona na cultura popular (serpes, píntegas, alacrás, tarántulas...), e sensibilizar ao público sobre a súa importancia ecolóxica e fomentar actitudes máis respectuosas. Esta mostra conta cunha serie de réplicas artísticas, a tamaño natural, das principais especies de réptiles e anfibios de Galicia.

Por último, ou venres 20 terán lugar dúas visitas guiadas gratuítas ao MHN, ás 17.30 horas e 18.30 horas, deseñadas tanto para familias como para público en xeral, previa inscrición a partir do xoves 19 na páxina web www.usc.gal/museohn.

